



Lectura comprensiva.

Mozart

Wolfgang Amadeus Mozart tiña un gran sentido do humor e tamén un extraordinario nariz. El bromeaba a miúdo sobre as dimensións do seu apéndice nasal.

Co fin de gastarlle unha broma ao compositor Franz Joseph Haydn, fíxolle a seguinte aposta:

– Mestre, a que non pode tocar estes compases que compuxen?

Haydn sentou ao piano e comezou a executar aquelas notas, sen problemas... ata que tivo que parar e dixo:

– Non podo continuar porque aquí no medio hai unha nota para a que me faltan dedos, xa que teño ambas as mans ocupadas.

Mozart riu divertido, e díxolle:

– Déixeme...

Sentou e comezou a tocar a súa propia creación. Cando chegou á nota que quedaba solta e non había forma de tocala por estar todos os dedos ocupados, agachou a cabeza e tocouna co nariz. Despois disto, ambos riron, e Haydn dixo:

– Toca vostede con toda a alma, pero tamén con todo o corpo, sen esquecer o nariz...

Carlo FRARETTI, *Anécdotas da historia*

